



# PLAN DIXITAL

**CEIP VILARMIDE  
EDUARDO NOYA**

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Vilarmide Eduardo Noya está situado no lugar do mesmo nome, da parroquia de S. Pedro de Coucieiro. Dista nove km da vila de Muxía, capital do concello. A once km atópase Cee, foco de atracción económica e social de toda a bisbarra.

Pódese considerar que o centro – agás as parroquias ribeirás de Nemiña, Morquintián e Touriñán - ocupa unha posición equidistante das parroquias que nutren o seu alumnado, sendo isto unha vantaxe que repercute nos tempos de transporte escolar. Presenta, en cambio, o inconveniente da distancia a todos os servizos sociais: correos, médicos, biblioteca pública, concello, etc. Tamén é un obstáculo na organización de actividades extraescolares, obrigando a telas no tempo posterior ás comidas para que se poida beneficiar todo o alumnado.

A páxina web do centro é <http://centros.edu.xunta.es/ceipdevilarmide/> e o correo electrónico o seguinte: [ceip.vilarmide@edu.xunta.gal](mailto:ceip.vilarmide@edu.xunta.gal).

O centro conta con 5 mestres e mestras con destino definitivo. Ademais ten adxudicados 3 mestres compartidos de Pedagogía Terapeuta, Audición e Linguaxe e Orientación con base noutros centros do Concello.

No CEIP Vilarmide Eduardo Noya impártese a etapa de Educación infantil e a etapa de Educación Primaria. Asisten 47 alumnos e alumnas en total, 8 de Educación Infantil e 39 de Educación Primaria.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Vilarmide atópase no concello de Muxía na provincia da Coruña. A poboación está moi diseminada, vivindo a maior parte dela en pequenas aldeas, contabilizándose un total de 102 núcleos de poboación en todo o concello, agrupados en 14 parroquias. Sofre un proceso continuo de envellecemento, sendo unha poboación cun tanto por cen elevado de xente adulta.

A pesar de ser un Concello con moitos quilómetros de costa, tan só a súa capital, Muxía, vive da actividade pesqueira; o resto dedícase principalmente á agricultura, gandaría e explotacións forestais. A maioría das familias pertencen á clase media ou media-baixa. Os pais e nais do alumnado na maioría dos casos teñen un nivel de estudos primarios sen título de Graduado Escolar.

En canto ás actividades laborais, as nais son maioritariamente amas de casa e os pais dedícanse principalmente a actividades como a pesca, a agricultura, a construción e o transporte. Os nenos e nenas deben axudar nas labores domésticas e nos traballos dos pais e das nais. Só a metade das familias esperan que os fillos e fillas cursen Bacharelato ou acudan á Universidade, o resto ou non sabe ou quere que se incorporen ao mundo laboral ou que cursen un ciclo medio de Formación Profesional.

O desenvolvemento do Plan Dixital dá resposta ao obxectivo específico marcado na programación xeral anual como: “ Traballar as estratexias cognitivas e medios para acceder á información (incluíndo as TICS), dando significado aos aprendizaxes e potenciando as competencias clave”.

Ademais na programación xeral anual establécese, a raíz da situación vivida coa COVID-19, como actuación prioritaria mellorar a competencia dixital do alumnado. Para isto, o equipo docente

formarase naqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

En calquera caso, o coordinador do equipo TICS con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICS.

O Plan dixital da resposta o todo o citado anteriormente, polo que esta estreitamente relacionado co protocolo COVID 19.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

🔗 *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

🔗 *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

🔗 *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*

🔗 *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensuado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e a coordinadora TIC.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No centro hay dispoñible conexión por wifi e cable . A conexión wifi en ocasións funciona con lentitude. Tamén contamos con liña telefónica nos despachos de dirección e en conserxería e de fax ( que rarísimas veces se utiliza).

En cada aula de titoría hai un ordenador do mestre , un proxector e un encerado dixital interactivo ( 1 de E. Infantil e 3 de E. Primaria) . Na actual aula de música ( antes de audiovisuais) contamos con un ordenador, un proxector e unha PDI.

Tamén hai dispoñibles : 11 ordenadores na Biblioteca ( dos cales 5 son moi antigos, máis de 15 anos) e 1 proxector, un equipo na aula de inglés, PT, orientación, conserxería, sala do profesorado e secretaría. Ademais contamos con unha tablet en Educación Infantil e 3 portátiles asignados ao centro para reducir a fenda dixital.

O centro conta cunha páxina web onde se publican os documentos de centro e novas relevantes para a comunidade educativa, difúndense as actividades feitas no centro, etc. Durante os últimos cursos vense facendo uso da aula virtual, non só para alumnado confinado, senón que tamén para a comunicación co alumnado, programación de tarefas, etc.

O profesorado e as familias coñecen o uso de EspazoAbalar para a comunicación a través da mensaxería, notificacións, peticións de titorías, etc.

As incidencias informáticas solucionámolas, na medida do posible, os membros do Equipo TICS; e cando son máis complicadas solicitamos asistencia da UAC ou ás veces chamamos a algunha tenda de informática cercana.

Enlaces a páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilarmide/>

Recursos TIC para o alumnado:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilarmide/aulavirtual/>

Plan de adaptación á situación COVID

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdevilarmide/node/110>

## 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.8
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.7
	Alumnado	3.6
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	3.3

<b>profesional continuo</b>	Profesorado	3.5
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.7
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.2
	Profesorado	2.1
	Alumnado	2.7
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1.9
	Profesorado	1.9
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.2
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.4

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	5	5	100%
<b>PROVISIONAL</b>	-	-	-
<b>INTERINO</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	-	-	-
<b>DESPRAZADO/OUTROS</b>	1	1	100%

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
51.9	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	48	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
<b>Pri.</b>	52.8	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	14.3%
<b>A2</b>	4	57.1%
<b>B1</b>	2	28.6%
<b>B2</b>	-	-
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	7	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO		<b>C2:</b> O equipo directivo considera que non hai suficientes dispositivos dixitais para a ensinanza.
	PERSOAL DOCENTE	<p><b>B2:</b> Tanto o equipo directivo como profesorado consideran que se debate sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>D1:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman debater sobre as necesidades de PDC no relativo á ensinanzas con tecnoloxías.</p> <p><b>D2:</b> Tanto o equipo directivo</p>	<p><b>E2:</b> O equipo directivo e o profesorado consideran que non se crea recursos dixitais para reforzar a labor de ensinanza.</p> <p><b>E3:</b> O profesorado considera que non utiliza contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</p> <p><b>F6:</b> Tanto o equipo directivo como profesorado consideran que non fomentan a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando</p>

	<p>como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>D3:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>E1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p><b>E4:</b> Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p>	<p>tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>G1:</b> O equipo directivo considera que o profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p><b>G5:</b> Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non a totalidade do profesorado é coñecedor das vantaxes do emprego do software libre no ámbito educativo e non dispón e fai uso deste tipo de ferramentas no centro.</li> <li>- Tendo en conta o informe do Test CDD, o profesorado debe mellorar a súa competencia dixital.</li> </ul>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<p><b>H1:</b> A comunidade educativa considera que no noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet.</p> <p><b>H2:</b> A comunidade educativa considera que no centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet.</p>	<p><b>H7:</b> O profesorado considera que o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</p>
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p><b>A3:</b> O profesorado conta co apoio do Equipo directivo para probar novas formas de ensinanzas con tecnoloxías dixitais.</p>	<p><b>A1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital.</p> <p><b>A4:</b> O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>B1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non se avalían os seus progresos en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>C14:</b> O profesorado considera que no centro os espazos físicos non facilitan a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxía dixitais.</p> <p><b>C16:</b> Tanto equipo directivo como profesorado afirman que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p>



		<p><b>G8:</b> O profesorado considera que non facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.</p> <p>- O plan dixital é fácil convertilo nun elemento baleiro da programación.</p>
--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</li> <li>- A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas.</li> <li>- Temos a nosa disposición a figura de mentor Adix para a elaboración do plan dixital.</li> </ul>	<p><b>C5:</b> A comunidade educativa afirma que a asistencia técnica non é eficaz en canto a rapidez da solución no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo.</li> <li>- As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</li> <li>- Carga burocrática do profesorado con múltiples funcións que non permiten un bo desenrolo das mesmas.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.</li> </ul> <p><b>A5:</b> Tanto equipo directivo como profesorado creen ter coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe pero a través de información do equipo de dinamización do plan dixital sabemos que isto non se cumpre en todos os casos.</p> <p><b>C7:</b> Tanto equipo directivo como profesorado consideran que no centro non existen sistemas de protección de datos.</p>
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.</li> </ul>	<p><b>B3:</b> O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades.</p> <p><b>B4:</b> O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións</p>

		<p>para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Teniendo en cuenta el informe del Test CDD, se afirma la necesidad de ajustar las formaciones al nivel de competencia del profesorado.</li></ul>
--	--	--

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Área/s de mellora: ÁREA A LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	(A4) Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital dentro da xornada escolar.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Director e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	O Claustro dispón de tempo, durante a xornada escolar, para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
<b>Valor de partida:</b>	O profesorado adica 0 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 75% do profesorado adica 2 horas mensuais da xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1:</b> Explicar ao Claustro o funcionamento das horas que deben adicar o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Director	30/09/22	Espazo para a reunión. Claustro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2:</b> Crear libro de seguimento das horas adicadas	Coordinador TIC	31/10/22	Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

o ámbito dixital dentro da xornada escolar.					Pendente
AO1.3: Análise do libro de seguimento das horas adicadas o ámbito dixital dentro da xornada escolar.	Director e coordinador TIC	15/06/23	Equipos informáticos. Equipo de dinamización do Plan Dixital.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Claustro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Acadar un proxecto educativo relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
<b>Valor de partida:</b>	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Hai 1 proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outro centro.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.2: Creación dun proxecto de actividades relacionado co uso e vivencias das TICS.</b>	Claustro	01/12/22	Equipos informáticos. Profesorado implicado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3: Posta en marcha do proxecto creado co outro centro.</b>	Claustro	15/05/23	Equipos informáticos. Profesorado implicado.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": E- PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO 3</b>	(E2) Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de recursos dixitais creados polo profesorado					
<b>Valor de partida</b>	0 recursos dixitais creados polo profesorado					
<b>Valor previsto e data</b>	5 recursos dixitais creados polo profesorado			Xuño 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1:</b> Solicitud e creación dun PFPP cunha liña de creación de recursos.	Persoa coordinadora do PFPP	15/12/22	Asesor CAFI/CFR Solicitud Equipos Informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2:</b> Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP.	Profesorado implicado	15/03/23	Conexión a internet Equipos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3:</b> Subida á aula virtual ou plataforma similar de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP	Profesorado implicado	15/06/23	Conexión a internet Equipos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

creados polo profesorado.						Pendente
---------------------------	--	--	--	--	--	----------

### 3.2.3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto o equipamento informático cabe destacar:

- Necesitamos dispoñer de aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
- En dirección precísase un ordenador novo, o actual xa non arranca. Estase usando para todas as tarefas o de secretaría.
- Necesitamos equipos ultraportátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos). Actualmente contamos con un equipo informático por aula tanto para o uso do profesorado como do alumnado. Isto na práctica implica que en diversas ocasións non se poida planificar diversas tarefas relacionadas coas TIC por non existir dispositivos suficientes. Non existe equipamento específico para o alumnado como poden ser tablets ou equipos convertibles. Por este motivo, solicitamos material para poder emprender actividades TIC en grupos e dispoñer de dispositivos que sexan exclusivamente para o alumnado.
- É verdade que dispoñemos de ordenadores na biblioteca (ordenadores de sobremesa), pero moitos destes dispositivos son moi antigos, non funcionan ben, hai que estar constantemente chamando para amañalos ou para certas cousas están obsoletos. Podería ser unha solución renovar estes equipos paulatinamente con dispositivos portátiles que permitan gañar en espazo e contar con dispositivos máis rápidos e os existentes repartilos polas aulas para que poidan traballar en grupo nas mesmas cando os da biblioteca estean ocupados.

Tamén destacar que é precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción, se nela se desenvolve algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

## 4. 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

**Avaliación procesual:** será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

**Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.



## 5. 5. Difusión do plan

O Plan Dixital do noso centro enviarase o claustro e ao Consello Escolar vía correo electrónico. Logo será aprobado en Consello Escolar e publicado na web do centro para a difusión entre a Comunidade Educativa.